

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Expediente: IN408A 2020/004

Denominación do proxecto: Parque eólico Neboada e Línea de Evacuación

Promotor: Maia Directorship, SL

Asunto: Solicitud de informe técnico

Clave Ambiental: 2020/0202

Clave: DXDM 2021/22

ANTECEDENTES

O 25/03/2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural desde a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación un informe sobre o Estudio de Impacto Ambiental e sobre o Proxecto de Interese Autonómico do "PARQUE EÓLICO NEBOADA e LIÑA DE EVACUACIÓN" situado nos concellos de Villamartín de Valdeorras, A Rúa, A Pobra de Trives e San Xoán de Río na provincia de Ourense e Quiroga e Ribas de Sil na provincia de Lugo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Tras consulta da información achegada do Parque Eólico Neboada e a súa liña de evacuación obsérvase que a base aérea para helicópteros San Xoán de Río atópase a uns 500 metros da liña de evacuación, e tanto na zona de actuación do parque como ó longo da liña de evacuación atópanse varios puntos de auga próximos, en concreto o punto de auga con código 27050013 sitúase a uns 100 metros dun punto de apoio da liña de evacuación. Se ben non se prevén posibles afeccións que puideran impedir o correcto funcionamento das actividades de prevención ou posible extinción de incendios a executar, deberá velarse porque as infraestruturas forestais estean en todo momento operativas, transitables e libres de obstáculos, prestando especial atención ós puntos de auga e ás súas captacións, e no caso de verse afectados deberán repoñerse o antes posible.

A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 20 bis - Redes primarias de faixas de xestión de biomasa, apartado c), as seguintes obrigas de xestión de biomasa:

**DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

San Lázaro, s/n

15781 Santiago de Compostela

T. + 34 881 996 391

defensadomonte.mediorural@xunta.gal

mediorural.xunta.gal





"c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aerogenerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.

Así mesmo, nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos 5 metros desde a aresta exterior do camiño. Neste último suposto, non se exixirá a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

.....

Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluírá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter. "

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia no seu artigo 59. Cambio de uso forestal establece que:

"1. O cambio de uso forestal dun monte, cando non viñese motivado por razóns de interese xeral, e sen prexuízo do disposto no artigo 28.2 da presente lei e da normativa ambiental aplicable, terá carácter excepcional, requirindo informe favorable do órgano forestal e, no seu caso, do titular do monte.

2. A Administración forestal competente poderá regular un procedemento máis simplificado para a autorización do cambio de uso naquelas plantacións forestais temporais para as cales se solicitase unha reversión a usos anteriores non forestais.

INFORME

En base ó anterior e tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas de mantemento permanente da operatividade das infraestruturas forestais afectadas (pistas, devasas, depósitos contra incendios forestais,...), infórmase FAVORABLEMENTE a realización do proxecto Parque Eólico Neboada e a súa Liña de Evacuación, situado nos concellos de Villamartín de Valdeorras, A Rúa, A Pobra de Trives e San Xoán de Río na provincia de Ourense e Quiroga e Ribas de Sil na provincia de Lugo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez

